



Laudatio de María Xosé Porteiro a Francisco Loreas

MEDALLAS DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA 2018

Santiago de Compostela 23 de maio de 2018

O Consello da Cultura decidiu outorgar a Medalla desta institución a don Francisco Lores Mascato, que foi ata o seu falecemento, o pasado mes de setembro, presidente da Federación de Sociedades Galegas en Arxentina, onde fixo un labor admirado e recoñecido pola colectividade residente alí, e prestixiado entre as persoas desta beira do mar que tiveron a fortuna de coñecelo.

Falamos dun home do pobo que viviu polo pobo e para o pobo. Ese extenso pobo galego que se espallou por un territorio tan amplo coma ningún outro coñecido, desde a fin da terra europea ata a fin do mundo patagónico, en ambos os dous hemisferios. Xente con vocación anfibia, da que se sabe que conseguiu multiplicar o corazón –en lugar de dividilo– para levar no peito dúas patrias, a de nacemento e a de adopción. Milagre que se demostra infinito pois que esa condición se transmite aos descendentes; lógrase, así, a marabilla de atoparmos galegas e galegos de segunda, terceira e xa de cuarta xeración por todo o planeta.

Ese era un dos soños polos que loitou Francisco Lores, que nunca puxo límites ás demandas que consideraba xustas e así llo dixo en Bariloche ao Rei emérito, reclamando que as empresas españolas que se estaban a internacionalizar non apertasen tanto os prezos dos servizos. E a un presidente español que se chamaba González, para que activase as pen-



sións non contributivas e chegasen aos que vivían no exterior, case sempre por razóns de forza maior, que todos coñecemos. Ou a un presidente galego que se chamaba Fraga, a quen recibiu con honores de Xefe de Estado sendo, como era ben sabido, doutra póla ideolóxica.

Paco Lores foi un home nobre, grande de miras e de actos grandes tamén. Discutiú con todos, mesmo cos seus cando o voto emigrante pasou a un segundo nivel e se fixo preciso “rogalo”, mala palabra para os que reafirman a galegitude desde a dignidade dunha cidadanía que nunca van perder. Pero el foi así. Fiel aos que alumearon camiños, cada 5 de xaneiro honrando a memoria do irmán Daniel no cabodano do seu pasamento, acompañando a Maruxa Boga ata os últimos momentos e abrindo os micrófonos do seu espazo radial, *Galicia emigrante*, a todas as voces, a todas as ideoloxías.

Pero non vaíamos pensar que estamos ante unha personalidade fácil ou de ben quedar por cortesía. Cando Lores vindicaba algunha causa, facíao con toda a forza da súa personalidade de combatente a prol dos dereitos humanos, e dos dereitos específicos de todos os galegos e de todas as galegas. Por iso non dubidaba en enfrontarse cando correspondía, e en acordar e pactar cando chegaba a hora. Foi amigo leal –e discípulo– de Cuadrado, de Seoane, de Varela. E foi mestre de varias xeracións de novo sangue galego, para as que sempre tivo aberta a porta da Federación. Manolo Rivas, Xesús Alonso Montero..., nomes de antes e de hoxe, tiveron alí a súa casa.

Republicano, nacionalista galego, de esquerdas, rebelde por tantas causas, soubo inxectar novos folgos ás vellas estruturas da colectividade galega en Arxentina. De todas as súas iniciativas, quedan no noso patrimonio cultural e histórico: o Museo da Emigración e a Biblioteca Pública Galega, ambos en Bos Aires. O primeiro conta cun arquivo en que se ato-



pan documentos de gran valor para a historia do republicanismo español e cunha parte etnográfica onde se mostran, e se ofrecen para o estudo, obxectos e memorias persoais e colectivas da nosa emigración, que converten a Federación de Sociedades Galegas de Arxentina nunha peza clave para comprender a nosa historia, pero tamén nun expoñente do amor e da loita contra o esquecemento da inxuria e o rudo encono.

En fin..., o parnaso do galeguismo, onde se dan cita nomes ilustres, entre os que abundan intelectuais e políticos, non está tan afeito a atoparse con traballadores industriais e fillos de mariñeiros, como este Francisco Lores, que naceu co arrecendo mariño do Grove, e está xa na súa compañía, probablemente cantando algún tango coa súa voz grave e ben entoada ou palmeando un alalá. Compartirá anécdotas e lembranzas con todos eles e non temos por que pensar que isto sexa unha fantasía porque a derradeira vez que compartín tertulia con el contoume a súa extraordinaria viaxe desde a mesa dun quirófano ata as portas do ceo: o seu tránsito pola luz, logo dun percorrido polo Grove, onde se fora despedindo das persoas queridas, e o susto que levou cando estaba a piques de entrar no máis alá e de súpeto abriu os ollos. En fronte viu un anxo na cara da súa amada filla, que tirou del ata volvelo a este mundo material.

Estabamos sentados na terraza dun café en Vigo e, entre sorrisos cómplices, confirmei a miña impresión de ter coñecido a un espírito inmorrante.

Hoxe teño o privilexio de dar fe diso coa entrega da Medalla do Consello da Cultura Galega, que expresa a vontade de homenaxearmos a súa memoria, coidarmos do seu legado e confirmarmos a gratitude eterna que a Galicia toda lle debe a quen na Galicia Austral lle chamaron Comandante: don Francisco Lores Mascato, galego universal: Presente!